

Claves da prórroga dos ERTE

Os ERTE prorróganse ata o próximo 28 de febreiro de 2022. Así o recolle o Real decreto lei 18/2021, do 28 de setembro, de medidas urxentes para a protección do emprego, a recuperación económica e a mellora do mercado de traballo, no que, entre outras medidas, se inclúe a nova extensión deste mecanismo de protección do emprego.

Cando entra en vigor o RD lei 18/2021 de prórroga dos ERTE?

O RD Lei 18/2021 referente, entre outras cousas, á prórroga dos ERTE derivados da crise sanitaria da covid-19, entra en vigor o 29 de setembro do 2021 ata o 28 de febreiro do 2022.

A que tipos de ERTE se aplica esta prórroga?

Aplicase a todos os ERTE vinculados á crise pandémica (prórrogas e novos ERTE):

- ERTE por forza maior regulados polo RD lei 8/2020,
- ERTE por impedimento de actividade regulados polo RD lei 24/2020, polo RD Lei 30/2020 e polo RD lei 2/2021,
- ERTE por impedimento ou limitacións da actividade regulados polo RD lei 11/2021.

Establécese unha prórroga automática destes tres tipos de ERTE vixentes na data 30 de setembro do 2021 ata o 31 de outubro do 2021. Se non se presenta a solicitude de prórroga nos termos e prazos establecidos, estes ERTE daranse por finalizados e non serán aplicables desde o 1 de novembro de 2021.

A autoridade laboral ten un prazo de dez días para se pronunciar sobre a prórroga; de non o facer, entenderase estimada a solicitude de prórroga.

- Novos ERTE por impedimento ou limitacións de actividade. Poderán solicitalos as empresas e entidades afectadas por novas restricións e medidas de contención sanitaria vinculadas á covid-19, que sexan adoptadas polas autoridades competentes entre o 1 de novembro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022.

Seguen vixentes as cláusulas de salvagarda do emprego e a prohibición de despedir?

Si. Este RDL recolle a prórroga ata o 28 de febreiro do 2022 da salvagarda de emprego, conforme ao previsto no artigo 5 do RDL 30/2020. As empresas que reciban exoneracións nas cotas da Seguridade Social quedan comprometidas a un novo período de seis meses de salvagarda do emprego desde a data en que retomen a súa actividade.

Ademais, prorróganse ata o 28 de febreiro os artigos 2 e 5 da Lei 3/2021 referente aos despedimentos por causas derivadas da covid-19.


Non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer novas externalizacións da actividade, nin concertar novas contratacións, sexan directas ou indirectas, durante a aplicación dos ERTE.



Exoneracións de pagamento das cotas á Seguridade Social das empresas afectadas por ERTE

Esta é unha das novidades que presenta este RDL: a exoneración das cotas á Seguridade Social de novembro do 2021 a febreiro do 2022. Así, o RDL distingue entre empresas con ERTE de limitación de actividade e empresas con ERTE de impedimento de actividade.

No caso das empresas con ERTE de impedimento de actividade, a exoneración será do 100%. Pola contra, para as empresas con ERTE de limitación de actividade, a exoneración verase condicionada a se a empresa ofrece ou non formación ás súas traballadoras e traballadores, consonte as seguintes regras:

- 
- Empresas con dez ou máis persoas traballadores dadas de alta na data 28 de febreiro do 2020: 40 % se non ofrece formación; 80 % se ofrece formación.
 - Empresas con menos de dez persoas traballadoras dadas de alta na data 28 de febreiro do 2020: 50 % se non ofrece formación; 80 % se ofrece formación.

Cando opera o denominado «contador a cero» das prestacións por desemprego de ERTE-covid?

O VI Acordo social en defensa do emprego (ASDE) estende a garantía do «contador a cero» nas prestacións por desemprego de ERTE-covid a todo o 2022.

O RDL 18/2021, do 28 de setembro, recolle os contidos do VI ASDE e prevé que os períodos de prestación de desemprego percibidos durante os ERTE-covid non se considerarán consumidos para os efectos de futuros dereitos de desemprego, dependendo de se os traballadores e traballadoras que os percibiron perden finalmente o seu emprego e de cando se produce esta situación.

O RDL 18/2021 recolle tres posibles situacións para acceder ao «contador a cero»:

- A) Se a extinción do contrato se produce antes do 1/1/2023, **non se consideran consumidas** as prestacións de ERTE-covid.
- B) Se a extinción do contrato se produce do 1/1/2027 en diante, **non se consideran consumidas** as prestacións percibidas en ERTE-covid.
- C) Se a extinción do contrato se produce desde o 1/1/2023 en diante e ata o 31/12/2026, **si se consideran consumidas as prestacións ERTE-covid** percibidas desde o 1/1/2021 en diante.

O RDL 18/2021 recolle catro situacións de extinción do contrato que dan dereito a acceder ao «contador a cero» nas prestacións de desemprego percibidas en ERTE-covid:

- 1.^a) finalización dun contrato de duración determinada;
- 2.^a) despedimento, individual ou colectivo, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción;
- 3.^a) despedimento por calquera causa declarado improcedente;
- 4.^a) fin ou interrupción da actividade de contrato fixo-descontinuo (tamén contrato a tempo parcial en traballos fixos e periódicos en datas certas).

Que medidas se aprobaron para traballadores e traballadoras con contrato fixo-descontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se realicen en datas certas?

Prorróganse ata o 28 de febreiro do 2022 as medidas de protección por desemprego extraordinarias para persoas con contrato fixo descontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas, segundo o establecido no artigo 9 do RD lei 30/2020.

A estas traballadoras e traballadores aplícaselles tamén o denominado «contador a cero» e a súa prestación será o 70 % da base reguladora.